

1

O GARDA CIVIL

ASASINADO A TIROS UN DEPUTADO DO BNG

*A traxedia acontece o día en que a Executiva dimite
ante o Consello Nacional da formación*

REDACCIÓN. Un encarpuchado asasinou de tres disparos a Mario Dacosta, parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, cando saía da reunión do Consello Nacional no que a executiva, co seu voceiro á cabeza, Óscar Quiroga, presentou a súa dimisión.

Os feitos aconteceron pouco despois das seis da tarde, cando Dacosta se dispuña a arrincar o seu coche, estacionado no aparcadoiro do Hotel Congreso de Santiago de Compostela. Segundo fontes da Delegación do Goberno, o pistoleiro achegouse ao parlamentario e asestoulle tres tiros, fuxindo posteriormente nun vehículo Renault Clio. Un dos dis-

paros impactoulle na cabeza, provocándolle a morte. Os servizos sanitarios trataron de reanimalo no lugar do crime, sen éxito, durante media hora.

O presidente en funcións da Xunta de Galiza, Felipe Méndez Tarrío, cualificou o suceso de «atentado contra a democracia» e fixo un chamamento á «serenidade» ao tempo que dixo confiar en que o traballo das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sirva para dar cos culpables de «tan odioso e execrable crime». O vicepresidente Óscar Quiroga, amosouse «conmocionado» e afirmou que «Galiza saberá estar á altura das circunstancias» ante un

asasinato «que enche de rabia a todos os demócratas, e especialmente aos nacionalistas galegos». Fernando Xelmírez, secretario xeral da Unión do Povo Galego (UPG), partido integrado no Bloque e no que o parlamentario militaba dende 1982, amosouse conmocionado polo suceso e cualificou a Dacosta de «camarada insubstituíble e extraordinario patriota galego».

Horas antes do crime, Óscar Quiroga anunciara a súa dimisión ao comezo do Consello Nacional

da formación frontista, conclavando que tamén presentou a súa renuncia toda a executiva. Abriase así unha nova etapa despois da derrota sufrida nos comicios autonómicos do 1 de marzo, cuxos resultados devolveron a maioría absoluta ao Partido Popular en detrimento do bipartito formado por PSdG-PSOE e BNG. Para o vindeiro 10 de maio está prevista a celebración dunha Asemblea Nacional Extraordinaria na que se elixirá a nova dirección da organización nacionalista.

—Sinto comunicarlle que a súa muller non acode os mércores a clase de aeróbic. Ás cinco da tarde entra nun portal da rúa Celso Emilio Ferreiro e sae a iso das sete menos cuarto. Algunhas veces prolonga a súa estancia ata as sete e media. Hai un home duns corenta anos que sae sempre quince minutos máis tarde. É o inquilino do 2º B. Chámase Arturo Rei.

—Estame dicindo que a miña muller ten un amante?

—Debería empezar a asumilo.

—Non podo crelo.

A voz do home esnaquizouse do outro lado da liña telefónica.

—Síntoo, pero as súas sospeitas resultaron ser certas.

—No fondo pensaba que me estaba equivocando —saloucou—. Por que me fai isto? Eu nunca lle fun infiel. Nunca.

—Se me permite un consello, agora non tome ningunha decisión drástica.

—As mulleres son seres complexos, Cudeiro. Un home que consegue unha certa estabilidade emocional séntese a gusto e non pretende moito máis, pero as mulleres sofren polos detalles, están insatisfeitas por natureza. Creo que eu, sendo como son home de costumes, colaborei a agrandarlle ese desasosego. Ultimamente apenas saíamos. A min préstame quedar os sábados pola noite na casa e ver os partidos de fútbol, máxime cando xoga o Barça. Un home, cando as cousas non lle van francamente mal, xa sente que está ben. Somos doados de contentar, e aí reside o segredo desa felicidade instintiva que elas tanto nos envexan. Hai que ver que distintas son a nós, Cudeiro. Que seres tan estraños e maravillosos. Son tan esixentes coa vida que, cando as cousas non lles van moi ben, xa senten que se aveciña unha catástrofe. Teñen alma de precipicio e son tempestuosas coma os artistas, por iso nos atraen tanto. O peor é que, cando todo remata, sempre nos collen co pé cambiado. Elas xa se están resgardando da treboada cando nós nin sequera nos decatamos de que se anubou o ceo. Que parvos somos.

—Pase polo despacho cando volva de viaxe.

—Moitas grazas.

Cudeiro quedou pensativo uns segundos, aínda co teléfono móbil pegado á orella. Na pantalla do ordenador víase unha fotografía na que a muller infiel bicaba apaixonadamente ao tal Arturo. Era unha estampa propia dun anuncio de colonia, coa parella arrebatada pola paixón baixo os soportais da Praza do Ferro. Ainara entrou no despacho e sacou a Cudeiro daquela instrospección. Levaba un vestido verde polos xeonllos, moi axustado, e botas negras. Sempre tiña aspecto de estar tramando algo importante. Era loura,

de pelo crecho cunha longa trenza de coiro que lle caía ata a cintura. Sorriu e deixou unha carpeta sobre a mesa.

–A que non sabes a quen me atopei onte? A Dopico.

–Hai tempo que lle perdín a pista. Que é da súa vida?

–Está traballando para a SGAE. Percorre España en autobús gravando o funcionamento dos reprodutores. Xa sabes, para comprobar se as empresas de transporte cumpren co canon.

–A última vez que fun a Madrid en autobús puxeron *Desactivador*, unha de Dolph Lundgren.

–Dopico ten que estar feito un cinéfilo. Seguro que lle gustaría.

–Deberías vela. Lundgren, traumatizado pola morte dun fillo, sae facendo de cooperante dunha ONG para eliminar minas antipersoa en Angola.

Cudeiro colleu a carpeta. Alí dentro había un montón de folios.

–Que é isto? –preguntou.

–O informe para a aseguradora.

–Que rapidez.

–O vehículo foi adquirido por Manuel Núñez Bens en decembro do 2008. Tralo sinistro total recibiu a indemnización establecida coa compañía. Francisco Chao, empregado de Grúas Lama, mercoullo polo dobre de cartos que lle daban se o vendía como chatarra. Tomás Mondelo, propietario dun establecemento de Ribadavia dedicado á compravenda de coches, achegou as facturas falsas polo valor que podía ter no mercado. Agora está a nome dunha terceira persoa.

–Que pensas que poden facer?

–Dentro dun par de meses reclamaranlle o pago a outra aseguradora. Así de fácil. Ultimamente faise moito.

Ainara abriu os brazos en cruz.

–Pero como nós non somos a Garda Civil, fin do traballo –engadiu.

–A ver cando cobramos, que os desa aseguradora sempre buscan escusas.

Cudeiro escoitou o ruxido das súas tripas.

–Comemos xuntos? –preguntoulle.

–Non podo, Alberte. Prometinlle á miña nai que hoxe xantaría con ela.

–Que hora é?

–As dúas e media. E hai alguén agardando.

Era un despacho pequeno e algo desordenado. Apenas collían unha mesa, dúas cadeiras e un par de andeis con libros e arquivadores. A madeira do chan renxía. Sobre a mesa había un ordenador portátil, un flexo metálico e as cinco pezas dunha matrioska. Cando se vía obrigado a reflexionar, Cudeiro adoitaba colocalas coma se fosen un exército de peóns, aínda que descoñecía cales eran as normas do xadrez. Ainara traballaba na estancia contigua. Era algo máis grande e tamén servía de sala de espera para os clientes. Na inscrición da porta podía ler: *Otamendi & Cudeiro. Detectives Privados.*

–Creo que deberías abrir a fiestra, Alberte. Aínda cheira a tabaco.

–Sabes que hai tres semanas que non fumo. Queres un? Cudeiro achegoulle un paquete de Camel.

–Enchino con caramelos –engadiu.

–Non, grazas.

–Advírtoche que exercen unha excelente acción balsámica a base de aceite de eucalipto, menta e piñeiro silvestre.

–Non insistas. Podo marchar xa? Quería facer a compra e pasar pola casa.

–Claro. Colle a tarde libre, se che apetece.

Ainara bicou a fronte de Cudeiro, que asentiu.

–Es un sol, Alberte. Se queres chámote pola noite. Podemos ir ao cine.

–Imposible. Hoxe teño xornada de loita.

–Que pesado estás ultimamente con iso.

–Necesito relaxarme. Dun tempo a esta parte estou tendo soños un pouco estraños e esperto inquedo, coma se o espertador fose unha metralladora.

Ainara encolleu os ombros.

–Como queiras. Irei eu soa.

–Espero que sen min non lle teñas medo á escuridade.

–Na pantalla estará un señor chamado Clint Eastwood.

Se hai problemas, berrarei para que me salve e asunto arranxado.

Cudeiro sorriu.

–Dille a ese cliente que pase.

Antes de abrir a porta, Ainara baixou o ton de voz.

–Parece un pouco estraño, advírtocho.

Estendeulle a man e axitouna con forza. Era un home de barba recortada, lentes de pasta marrón e aspecto un pouco despistado, aínda que de ollos inquedos. Empezaba a perder cabelo sobre a fronte e non debía ter máis de corenta anos. Vestía pantalóns vaqueiros, camisa gris cinza e chaqueta de coiro negro.

–Sente, por favor.

–Custoume atopar o seu despacho –dixo cun sorriso.

–Non coñece Ourense?

–Si, pero non sabía que houbese unha rúa do Perigo.

–Cousas do nomenclátor.

–Chámome Vítor Figueroa. Son secretario de organización da UPG.

Cudeiro tentou disimular un xesto de sorpresa. Polo seu despacho pasara xente estraña nos últimos tempos, pero nunca un marxista.

–En que podo axudalo?

O home traía unha carpeta baixo o brazo. Abriuna e colocou sobre a mesa varios recortes de xornais.

–Seguro que está ao tanto do que aconteceu estes días en Compostela.

–«Asasinado a tiros un deputado do BNG» –leu Cudeiro en voz alta.

–Están a ser uns días moi difíciles para nós. Ninguén esperaba isto.

–Un crime bastante raro.

–Efectivamente. E a militancia está moi desmoralizada.

–Síntoo. Espero que saian adiante con serenidade.

–Sucesos así fan que nos reafirmemos nas nosas conviccións democráticas.

–Vostedes, os comunistas, son xente dura. Hanse recuperar do golpe.

–Iso pensaba eu, pero con todo o que pasou estes días, un xa non está tan convencido. Moitos camaradas están revivindo a morte de Moncho Reboiras e doutros compañeiros que sufriron represión só por defender as súas ideas.

–A Reboiras matárono os grises, pero agora as cousas son diferentes. O xefe superior de Policía prometeu resultados en poucos días.

–Oxalá. Non é que eu sexa un grande entusiasta das forzas de seguridade españolas, pero non nos queda outra.

—Imaxino que os camaradas veteranos falaríanlle algunha vez da Brigada Política Social, ou do Tribunal de Orde Pública.

—Por suposto. E de como esa xente, ao morrer Franco, acabou reciclada en empresas de seguridade ou desempeñando cargos na policía e no ministerio do Interior. Todo o mundo sabe que non vivimos, nin de lonxe, nesa democracia perfecta da que tanto presume a clase política española. E non falo só do dereito de autoderminación que se lle nega ás nacións sen Estado, ou dunha monarquía imposta polo fascismo. Pregúntelle aos inmigrantes subsaharianos perseguidos pola policía, a ver que pensan deste paraíso español de liberdades. Considerar ilegal un ser humano é o máis retrógrado que pode existir. Ademais, España véndelle armas a Israel e en Euskal Herria clausúranse medios de comunicación só por defender a cultura vasca. Mire o caso *Egunkaria*. Ducias de policías tomando polas armas un xornal en pleno século XXI.

Fíxose un longo silencio. Cudeiro sacou do paquete de Camel un daqueles caramelos de eucalipto con acción balsámica.

—Quere un?

—Grazas, non fumo.

—Esta nicotina suaviza a gorxa.

Figueroa negou coa cabeza mentres Cudeiro despregaba un envoltorio.

—Vin a Xelmírez por televisión. Impactáronme as súas bágoas.

—Dacosta e mais el eran íntimos amigos.

—Deixando a un lado a considerable desgraza que lles afecta, aínda non entendo para que me necesitan.

—A policía está investigando o crime, como xa lle dixen. Ademais, o noso secretario xeral mantén liña directa co ministro de Interior. Coñecéronse cando Xelmírez foi deputado en Madrid.

—Con boas amizades chégase a calquera sitio.

—Tamén hai que ter talento, e Xelmírez é un orador extraordinario.

—Ser deputado en Madrid non parece un mal investimento. As xornadas non deben ser especialmente estresantes e creo que gozan dun soldo co que se chega moi relaxado a fin de mes. Ademais, con só once anos de traballo xa teñen garantida a pensión máxima de xubilación.

—A vocación parlamentaria está moi ben pagada. Eu son máis de partido, xa me entende.

—Alguén ten que sacrificarse.

—Efectivamente.

—Vaime dicir en que podo serlles útil?

—O comité central pensa que sería necesario contratar os seus servizos.

—Estame pedindo que investigue un delito de sangue?

—Sabemos que se trata dun asunto delicado e que a lei española prohibe que os detectives traballen nese tipo de delitos.

—Entenderá que non me apetece buscar problemas.

—Xelmírez quere falar persoalmente con vostede sobre esa cuestión. Só lle pido que teña a amabilidade de manter unha reunión con el para buscar un acordo. Se acepta, poremos todos os medios que nos solicite á súa disposición. E, por suposto, aceptaremos as súas tarifas, sexas cales sexan.

—Iso soa interesante.

–Todos os gastos que poida xerarlle a súa estancia en Compostela serán sufragados polo partido.

–Intúo que debo darlle xa unha resposta.

Vítor Figueroa achegoulle unha tarxeta co seu número de teléfono.

–Pode pensalo ata esta noite.

–Para quen traballaría? Para o Bloque ou para a UPG?

–Xelmírez quere contar con vostede. Confía na súa profesionalidade.

–Así que traballarei para a UPG.

–Outros dirixentes do Bloque foron informados do asunto e tamén deron a súa aprobación.

–A quen se refire?

–Aos quiroguistas, principalmente. E a Balseiro, por suposto.

Cudeiro colleu aire e expulsouno devagar mentres golpeaba a mesa cos cotenos. Durante as conversas, a súa condición de ex-fumador obrigábalo a facer pausas que duraban o tempo equivalente ao que antes empregaba en prender un cigarro. Figueroa seguía impasible aqueles movementos. Cudeiro arrastrou a cadeira e púxose de pé, dando por rematada a conversa. Volveron axitarse as mans.

–Prometo chamalo esta noite.

–Espero ter noticias súas.

Figueroa quedou pensativo uns segundos antes de chegar á porta.

–Ocorre algo? –preguntou Cudeiro.

–Desculpe a miña indiscreción, pero ao entrar reparei nese póster.

As paredes estaban pintadas dun amarelo intenso. Cudeiro elixira esa cor primaria por tratarse dun estimulante

positivo do sistema nervioso que ademais representaba a sabedoría e a imaxinación. Funcionaba como antidepresivo e estimulaba o lado esquerdo do cerebro, propiedade que lle resultaba moi útil á hora de concentrarse. Por riba duns libros amoreados nun andel había un cartel que anunciaba un concerto. Aínda que tiña os bordos rotos e lixeiras manchas de humidade, estaba coidadosamente enmarcado. Cudeiro sorriu.

–Hai xa bastantes anos diso.

–Que lembranzas. Cando era secretario xeral da UMG¹ tiña unha moza á que lle encantaban os Sonic Youth. Non duramos moito, a verdade.

–O cartel é dun concerto que deron no Moore Theatre de Seattle, alá polo 1999. Eu estaba alí. Ao rematar conseguín meterme no *backstage*.

–Sorte que tivo.

–Si. Fíxenme varias fotos con Kim Gordon.

Estábanlle cambiando a fisionomía do barrio, e Cudeiro asistía á transformación cunha certa nostalxia que, ás veces, lle fería o corazón. Os inmigrantes chegados de terras remotas mesturábanse coas facianas ancestrais dos vellos veciños. Rexentaban bares, cibercafés e negocios de produtos baratos nos que Cudeiro podía mercar dende un espremedor manual ata a figura dun Buda de última xeración. Edificios presuntuosos, feitos á medida das clases medias emerxentes, substituían as vellas casas unifamiliares, tan do seu gusto e que noutro tempo medraran nas ribeiras da

¹ Unión da Mocidade Galega, organización xuvenil da UPG constituída en 1977.

Barbaña. O Couto transformárase nun barrio parecido a calquera outro, desvalorizando a súa identidade en favor das construtoras e arruinando o recordo dun tempo no que aínda se podía xogar ao fútbol na rúa. Daquela, os rapaces como Cudeiro dominaban o tráfico e a súa presenza inspiraba un respecto tácito nos condutores, que debían deter os seus vehículos cando un dianteiro centro en bañador estaba a piques de marcarlle un gol a unha persiana. Pero as cousas cambiaran e case sempre para mal, aínda que Cudeiro estaba encantado co florecer étnico. Sabía que a xenética do barrio melloraría ao contacto coa poboación forasteira, e que as polbeiras mulatas de Erbedelo manipulaban o xénero con tanto xeito como as autóctonas.

Entretívose vendo a televisión despois dunha cea lixeira. Era certo que o recente abandono do vicio de fumar aumentáralle considerablemente o apetito, pero aínda que agradecía moito ter recuperado o sentido do gusto, empezaba a estar preocupado polo crecente volume da súa barriga. Como non quería afogar en dramatismos estériles, púxose de pé e finxiu estar facendo pesas co mando da televisión na man dereita e co mando do reprodutor do deucedé na esquerda. Logo mirou o reloxo na pantalla do teléfono móbil e decatouse de que faltaban cinco minutos para as dez da noite, así que iniciou os preparativos para comezar o ritual co que daría por finalizado o día.

Reservara varias barras de incenso que aínda conservaba dunha viaxe a Kathmandú. Convocaban o ambiente axeitado para a reflexión e purificaban a mente, enchéndoa de calma e serenidade. Prendeu unha lámpada que iluminou o dormitorio cunha luz laranxa. Seguidamente sentou sobre uns coxíns, respirou fondo e abriu as páxinas d'O

segredo da flor de ouro. Naquelas fermosas liñas explicábase o método empregado polos budistas *chan* para faceren xirar a luz. A Cudeiro prestáballe perderse entre as súas páxinas, escollendo un parágrafo ao chou. Leu durante uns dez minutos e deixou o libro no chan. Cos ollos pechados permitiu que os seus pensamentos circularsen polo espírito consciente e logrou que se fosen detendo pouco a pouco na súa cabeza, como imaxes proxectadas ao ralentí, ata que foron varridos por un vento sedoso que fluía dende as notas do sitar de Ravi Shankar. Corría o risco de adormecer, pero mantívose atento por se entre aquelas espirais de cor aparecían ante si as vastas latitudes do espírito orixinario. Contemplou a esencia sen forma da súa conciencia, e o resplandor daquela luz encheuno de serenidade. Respirar convertérase nun extraordinario xeito de degustar a reserva orixinal do seu espírito. Alí estaba. Era branca e con pequenas radiacións azuis. Así conquistaba a plena transparencia do seu ser, clarificando o camiño que conducía cara ao centro tras abandonar padecementos estériles. Era, en definitiva, un breve e maxestoso agasallo que saboreou ata que de novo foi abrindo os ollos lentamente, notando como volvían percutir os pensamentos na súa conciencia.

O día en que o seu espírito consciente lograra unificar co orixinario, tería culminado o complexo proceso de inversión. Pero para aquilo cumprían moitas xornadas de loita. Na cociña bebeu un vaso de auga e lembrou que tiña a man unha presa de cápsulas relaxantes con extracto seco de valeriana, porque cando reflexionaba tanto sempre lle entraba unha gana tremenda de fumar. Marcou o número de teléfono de Vítor Figueroa.

—Alégrame ter noticias súas, señor Cudeiro.